



### **Petición:**

Os abaixo asinantes, constatamos que os límites governamentais actuais non protexen ao público dos efectos desfavorables sobre a saúde das radiacións electromagnéticas (REM) que emanan de dispositivos talles como liñas eléctricas, teléfonos móbiles e dos dispositivos Internet sen cables e as súas antenas asociadas, as antenas de difusión de TV e FM e as antenas radares.

A maioría dos límites existentes desta forma de radiación están entre 1 a 4 mil de veces por encima para protexer con prudencia ás persoas contra efectos desfavorables sobre a saúde como: enfermidade de Alzheimer e outras enfermidades neurodexenerativas, problemas de reprodución, desordes do soño, a aprendizaxe e a memoria, a capacidade de rexeneración celular diminuídas, interferencias co sistema inmune, cancro e electro-hipersensibilidade.

Baseado na evidencia científica alegada no "Informe BioInitiative: Unha xustificación para normas públicas de exposición aos campos electromagnéticos (ELF -de moi baixas frecuencias- e RF) baseadas nos aspectos biolóxicos" e de numerosas publicacións complementarias, recomendamos que se fixen os límites seguintes da radiación electromagnética:

I. Extremadamente Baixas Frecuencias (EBF ou ELF). Liñas eléctricas, aparellos, cableado eléctrico interior e doutros dispositivos que emiten EBF –frecuencias extremadamente baixas- :

A. Casas, escolas e lugares onde os nenos pasan a maior parte do tempo: **1 milligauss \* (1mg) para as novas construcións; 1 milligauss (1mg)** para todo o espazo existente ocupado a reinstalar.

B. Calquera outra construción: **2 milligauss (2mG).**

\* Un milligauss é unha medida de forza de campo de EBF- extremadamente baixas frecuencias- empregada para describir os campos magnéticos dos aparellos, das liñas eléctricas, do cableado eléctrico interior, etc. (en resumo: mg). Do mesmo xeito que a densidade de potencia dos campos RF de alta frecuencia pode describirse en  $\mu\text{W}/\text{cm}^2$  ou o campo eléctrico correspondente en V/m, o parámetro que é máis fácil de medir para as EBF (Extremadamente Baixas Frecuencias) é o campo magnético.

II. Radiacións a longo prazo (acumuladas) das radiofrecuencias \* (RF):

A. As ondas pulsadas exteriores - como as antenas de telefonía móbil, as antenas radar, as antenas de emisión TV e FM, as antenas sen fíos Internet:

**un décimo dun microvatio por centímetro cadrado ou 0,614 voltio por metro. \* (0.1  $\mu\text{W}/\text{cm}^2$  ó 0.614 V/m).**

\* A densidade de potencia da radiación de radiofrecuencia (RF) é medida en microvatios por centímetro cadrado ou voltios por metro e abrevíase ( $\mu\text{W}/\text{cm}^2$ ) ou (V/m). A radiación de radiofrecuencia emprégase falando das emisións dos equipos de difusión, radar e telecomunicación inalámbricos, e describindo a RF no medio ambiente. Nos Estados Unidos e o Canadá, por exemplo, a cantidade de RF permitida preto de antena de telefonía móbil é de mil de microvatios por centímetro cadrado ( $1000 \mu\text{W}/\text{cm}^2$ ) para algunhas frecuencias utilizadas en telefonía.

B. Radiación de radiofrecuencia (RF) interior como os teléfonos móbiles, os equipos de Internet inalámbrico e as radiacións que cruzan edificios desde fontes exteriores: unha centésima dun microvatio por centímetro cadrado ou 0,194 voltio por metro ( $0,01 \mu\text{W}/\text{cm}^2$  ó 0,194 V/m). Tipicamente, a densidade de potencia de RF de fontes de alta frecuencia exteriores como as televisións UHF ou as antenas enlace -radio enlaces- de telefonía móbil diminúen dun factor dez cando cruzan edificios. Os Sinais de máis baixa frecuencia como as da TV VHF e a FM non se reducen tanto como as altas frecuencias.

Investigacións futuras poderían demostrar que estes niveis recomendados non protexen suficientemente; polo tanto, o lexislador debería seguir sendo aberto para que puidesen reducirse en función de novas evidencias científicas.

## **Declaración de apoio da Axencia Ambiental Europea:**

### **Avaliación dos riscos das radiacións dos dispositivos na vida diaria.**

**Editado o 17 de setembro de 2007:**

(orixinal:[www.eea.europa.eu/highlights/radiation-risk-from-everyday-devices-assessed](http://www.eea.europa.eu/highlights/radiation-risk-from-everyday-devices-assessed) )

**Un novo informe, que recolle as inquedanzas referidas ós efectos dos campos electromagnéticos (CEM) sobre a saúde humana; apela a normas de seguridade máis severas para controlar as radiacións dos teléfonos móbiles, das liñas eléctricas e doutras numerosas fontes de exposición na vida diaria. O "Informe Bio-Iniciativa: Unha xustificación para normas públicas de exposición ós campos electromagnéticos de moi baixas frecuencias (EBF e RF) baseadas nos aspectos biolóxicos" (\*\*) se recopio polo Grupo de Traballo Bio-Iniciativa, un grupo internacional de científicos, investigadores e profesionais de políticas de Saúde Pública. La AEMA -Axencia Europea de Medio Ambiente- contribuíu a este novo informe cun capítulo extraído do estudo da AEMA, "Leccións tardías de alertas precoces: o principio de cautela 1896-2000".**

O estudo da AEMA examina os antecedentes dunha selección de riscos públicos e medio ambientais, como os do amianto, o benceno e os PCB, dende as primeiras deteccións precoces baseadas na ciencia con respecto a molestias potenciais, ata as medidas de precaución e prevención que se adoptaron. Os estudos de casos sobre o tabaquismo e o chumbo na gasolina están en elaboración.

Ainda que a AEMA non teña experiencia específica sobre os CEM, os estudos de casos de riscos públicos analizados en "[Leccións tardías de alertas precoces: o principio de cautela 1896-2000](#)" poñen de manifesto que as exposicións nocivas poderían estenderse antes de que existan as evidencias polas exposicións a longo prazo, así como unha comprensión biolóxica do dano que poden causar.

**"Existen numerosos exemplos no pasado que por non utilizar o principio de precaución, conduciron a serios prexuízos, e a miúdo irreversibles, sobre a saúde e sobre o medio ambiente. Débense adoptar desde agora medidas efectivas e proporcionadas de precaución, sabias e prudentes, para evitar ameazas futuras sobre a saúde plausibles e potencialmente serias derivadas dos CEM. Debemos recordar que a precaución é un dos principios da política ambiental da Unión Europea"**, sinala a profesora Jacqueline \*McGlade, directora executiva da AEMA.

Segundo o Grupo de Traballo Bio-Iniciativa, as probas actuais, aínda que limitadas, son suficientemente sólidas para pór en dúbida a base científica dos límites actuais de exposición aos CEM.

**[Asinar petición](#) en <http://petition.next-up.org/sign-petition-es.html>**

